

Tedes nas vosas mans a programación desta temporada para público familiar, **pensada para maiores de 3 anos**, unha completa selección de espectáculos para iniciar as nenas e os nenos en mundos creativos, para internarse en imaxinativos territorios para a sensibilidade, a memoria emotiva, o adestramento afectivo e a descuberta da beleza e a arte.

O teatro ofrécelles ás crianzas unha oportunidade para medraren, para viviren unha experiencia que as involucra no seu desenvolvemento completo como persoas, a nivel físico, cognitivo, emotivo e de relacións. Mais tamén nos ofrece a nós, as persoas adultas, a posibilidade de volvermos facer uso de códigos que usamos e máis tarde esquecemos pero que están aí a agardaren unicamente a ser sacados de novo á luz.

Todos os espectáculos teñen pases para público de centros educativos en horario lectivo e un pase o sábado pola tarde para público familiar. Que mellor opción que gozarmos e compartirmos cos nosos fillos e coas nosas fillas unha fin de semana variada que faga florecer o seu pensamento creativo!

VÉMONOS NO TEATRO!!

PRIMAVERA 2018 **TODO PÚBLICO** Fórum Metropolitano

COUSAS QUE DEBES SABER ANTES DE VIR VERNOS

- O despacho de billetes abre unha hora antes do comezo de cada espectáculo e só se quedan entradas.
- Pídesse puntualidade. Non se permitirá o acceso á sala unha vez comece a función.
- Non está permitido a entrada á sala con comida ou bebida (agás auga).
- Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.
- Todas aquelas persoas que accedan ao espazo no que terá lugar o espectáculo deben facelo con entrada.

VENDA DE ENTRADAS E ABONOS

ENTRADA: 6,00 euros

ABONO 3: (3 entradas para a mesma función) 15,00 euros

MENORES DE 3 ANOS: 2,00 euros

DESPACHO CENTRAL DE BILLETES PRAZA DE OURENSE

De luns a venres, excepto festivos
de 9:30 a 13:00h. e de 16:30 a 19:30h.

TELEVENDA 902 044 226

Luns a venres de 9:00 a 22:00h.
Sábados de 14:00 a 22:00h.
Domingos de 16:00 a 21:00h.

DESPACHO DE BILLETES FÓRUM / ÁGORA

Aberto só os días de función desde
unha hora antes (só se quedan
entradas dispoñibles).

WEB www.ticketea.com

Servizo permanente 24h.

MÁIS INFORMACIÓN

www.coruna.es/cultura



CORUÑA
PRÓXIMA



Depósito Legal: C 1978-2017

PRIMAVERA 2018

TODO PÚBLICO

Fórum Metropolitano

Artes escénicas para todas as idades



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA



XANEIRO / SÁBADO 27
18.30h.
50 min.
+4 anos



CAPERUCITA: LO QUE NUNCA SE CONTÓ

Teloncillo
Valladolid

Carapuchiña? Unha outra vez? Cantas veces se contou este conto? Moitas, miles, millóns. Tantas como nais e pais llelo contaron aos seus fillos.

Paga a pena volver contalo? Cremos que si. Algo ten este conto que pasa de xeración en xeración. E como o contaremos? Á nosa maneira, xogando cos personaxes, transformando o relato nunha comedia de enredos dislocados. Nada é como debería ser. E ninguén sabe como este xogo pode terminar...

AUTOR E DIRECTOR: Claudio Hochman.

MÚSICA ORIXINAL: Suso González.

INTÉRPRETES: Javier Carballo, Silvia Martín, Ángeles Jiménez, Juan Luis Sara.



PREMIO FETEN 2017 "MEJOR TEXTO"
A CLAUDIO HOCHMAN.



GANADOR VI CERTÁMEN BARROCO INFANTIL, DO 40
"FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO CLÁSICO DE ALMAGRO 2017".

TODO PÚBLICO Fórum Metropolitano



+3 ANOS

+4 ANOS

+5 ANOS

+6 ANOS

FEBREIRO / SÁBADO 3
18.30h.
50 min.
+6 anos

O CONTO DA AZUZAINA

Limiar Teatro
Galicia

Cando nos din árbore cada un imaxina unha cousa. Imaxinas unha palmeira ou un carballo, ou un piñeiro ou un salgueiro. Coas familias acontece o mesmo: cada unha é diferente pero todas son familias. Non existe a familia "normal". E nesta historia de historias, familia de familias pasa o mesmo; cada historia é distinta, cada estilo é diferente.

Un espectáculo que achega a diversidade familiar na sociedade actual fomentando a tolerancia, o respecto e a empatía entre os máis pequenos.

Que é unha familia normal? A TÚA!

DIRECCIÓN E DRAMATURXIA:

Ana Carreira e Fran Núñez.

INTÉRPRETES:

Herminio Campillo, Juan Paños e Txell Cabanas / Fran Núñez.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



MARZO / SÁBADO 24
18.30h.
50 min.
+3 anos

DANZA DA CHOIVA

Elefante elegante
Galicia

Que acontecería se de súpeto deixase de chover? Non durante un mes, un verán ou un ano, senón para sempre? Esta é a pregunta que coloca a DANZA DA CHOIVA, un espectáculo de teatro xestual, con danza, manipulación de obxectos e monicreques. Os seus efectos cómicos, plásticos e poéticos advirten, divirten e fascinan.

AUTORES E INTÉRPRETES:

María Torres e Gonçalo Guerreiro.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



ABRIL / SÁBADO 14
18.30h.
55 min.
+5 anos

O SECUESTRO DA BIBLIOTECARIA

Sarabela Teatro
Galicia

O Consello Municipal está reunido para determinar se o pagamento do rescate da bibliotecaria municipal debe figurar como gasto de persoal ou como un gasto do fondo de Cultura... Un brote de varíola entre a banda de secuestradores complica aínda máis as cousas: poucas persoas quedan ben con grans na cara pero para uns ladróns resulta desastroso. O enxeño e o corazón da bibliotecaria raptada farán virar os acontecementos e traerán novidades importantes para a Biblioteca Municipal e para as vidas dos terribles secuestradores.

AUTORA E DIRECTORA: Fina Calleja.

INTÉRPRETES: Nate Borrajo, Fernando Dacosta, Josito Porto, Sabela Gago, Alfonso Míguez.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

MAIO / SÁBADO 12
18.30h.
60 min.
+4 anos

GARBANCITO EN LA BARRIGA DEL BUEY

La gotera de Lazotea
Andalucía

Un contador de contos vese na obriga de vender larpeiradas para deste xeito atraer público a quen lle contar as súas historias.

Apaixonado polo conto de garavanciño –dalgún xeito, o conto dálle esperanza á súa propia existencia da que el mesmo pensa que é insignificante-, sente ademais unha curiosidade enorme do que lle puido ocorrer a garavanciño na barriga do boi.

Unha vaqueira a que se encontra no camiño dunha vila a outra coñece esa parte da historia. Música, cancións e diálogos en directo.

AUTOR : Juan Manuel Benito.

INTÉRPRETES-MANIPULADORES E MÚSICO: Eva Serna, Juan Manuel Benito.



MELLOR ESPECTÁCULO DE
TÍTERES FETEN 2017.



ESPECTÁCULO RECOMENDADO
POLA REDE ESPAÑOLA DE TEATROS.

